

GUÍA DO TURISTA RESPONSABLE



A MARIÑA LUCENSE

BENVIDA

Dámosche a benvida á Mariña Lucense e agradecemos o teu interese en descubrila e gozala.

Estamos encantados de recibirte e axudarche a que goces plenamente do excepcional tesouro que custodiamos.

Como turistas, producimos un impacto directo e indirecto sobre a sostibilidade económica, social, cultural e ambiental nos lugares que visitamos. **O obxectivo do turismo responsable é minimizar ese impacto.**

Esta Guía de Boas Prácticas contén consellos e recomendacións **para axudar a que a túa viaxe sexa unha experiencia enriquecedora e ao mesmo tempo sostible.**



A MARIÑA

GALICIA DE CORAZÓN





TURISTA SOSTIBLE COMO É?

É quen goza dun destino:

- Coidándoo
- Deixando o mínimo rastro
- Respectando ás persoas e as súas tradicións
- Valorando o auténtico de cada lugar
- Elixindo servizos comprometidos coa sustentabilidade e calidade turística

SON PERSOAS RESPECTUOSAS CO TERRITORIO AO QUE VIAXAN.

VIAXA INFORMADO

É a maneira de obter unha información obxectiva e actualizada dos servizos e das actividades turísticas dos lugares que desexas visitar.

- **Na web oficial do destino amarinalucense.gal** atoparás información sobre os principais recursos e servizos turísticos do destino. **Non dubides en completar esta información a través das webs, oficinas municipais de turismo e os propios anfitrións no territorio.** Recomendámosche informarte sempre a través de sitios de confianza.
- **Para asegurar unha experiencia satisfactoria especialmente á hora de realizar actividades na natureza, recorda informarte** das condicións meteorolóxicas, de accesibilidade, normas de uso, así como recomendacións de seguridade.
- **É recomendable realizar reservas anticipadas** sempre que sexa posible. Para asegurar a **conservación do espazo** e unha **experiencia turística de calidade**, en certos recursos de especial fragilidade ambiental e/ou cultural implantouse un **sistema de control de visitantes** durante determinadas épocas do ano nas que é imprescindible obter unha autorización previa de visita. É o caso do Monumento Natural Praia das Catedrais (Ribadeo) e O Fuciño do Porco (O Vicedo).



GOZA DA CULTURA LOCAL

Respecta e protexe o que converte un destino nun lugar único e diferente.

- Antes de viaxar, **consulta os costumes e tradicións locais do destino** que visitarás (festas, gastronomía, folclore, historia). Poderás participar da mellor maneira.
- **Debes ser coidadoso/a ao visitar áreas naturais protexidas, patrimoniais, arqueolóxicas e outras zonas fráxiles e valiosas.**

PROMOVE O DESENVOLVEMENTO LOCAL

Axuda a crear emprego e fixar poboación.

- **Goza da gastronomía, da cultura e da artesanía local. Estarás a contribuír á conservación e ao desenvolvemento sostible** da localidade e á xeración de emprego.
- **Apoia o emprendemento local** consumindo produtos e servizos producidos no destino. **Contribúe ao desenvolvemento das economías locais e de pequena escala.**
- **Promove unha relación comercial xusta con provedores locais.**

SÉ AMABLE


Empatiza coa poboación local e demais visitantes.

- **Trata con respecto e amabilidade** ás persoas que residen ou traballan no territorio.
- **Facilita o acceso e a igualdade de oportunidades a persoas con necesidades diferentes** de mobilidade e comunicación respectando os espazos ou servizos destinados para o seu uso.
- **Respecta a diversidade sociocultural** das comunidades que visites.



CONTRIBÚE Á CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO

- **Respecta as normas existentes** para contribuír á conservación dos recursos e servizos turísticos sendo responsable dos danos que causes.
- **Preserva** os valores universais do **patrimonio e evita impactos negativos** que comprometan a súa supervivencia.
- **Contrata guías locais que opten por grupos reducidos.** Gozarás dunha experiencia máis completa sen comprometer a conservación dos recursos.



AXUDA Á PRESERVACIÓN AMBIENTAL

Os recursos naturais son limitados. Por iso, debemos **protexelos e preservalos** contribuíndo así á sustentabilidade turística.

- **Respecta a vida silvestre.**
- **Elixe percorridos que teñan un impacto mínimo** na paisaxe e utiliza só os camiños e sendeiros habilitados.
- **Non alimentes fauna silvestre nin retires ou movas do seu lugar recursos naturais** como pedras, plantas, etc.
- **Fai un uso responsable da auga e da enerxía. Contribúe á xestión e ao uso eficiente dos recursos locais** consumindo aqueles produtos, servizos ou experiencias que xeren un menor impacto ambiental.
- **Reduce, reutiliza e recicla** os teus residuos durante a túa viaxe. Non tires residuos á natureza, consérvaos ata atopar recipientes habilitados a tal efecto.
- **Deixa unha pegada mínima e unha boa impresión.**



ELIXE PRODUTOS E SERVIZOS SOSTIBLES

Sempre que poidas, **elixe** operadores turísticos, aloxamentos e outros **servizos turísticos comprometidos coa sustentabilidade e a calidade**.

- **Utiliza o transporte sostible.** Busca o modo máis eficiente e menos contaminante para desprazarte.
- Na Mariña contamos coa **rede de aloxamentos Turismo Slow Norte de Galicia anfitrións comprometidos coa sustentabilidade** que forman parte do Clube de Produto Galicia Turismo Sostible.
- **Así mesmo, máis de 50 empresas preocupadas por ofrecer un servizo de calidade** adheríronse ao SICTED -Sistema Integral de Calidade Turística en Destino-, e/ou dispoñen da **Q de Calidade Turística**.



COMO TURISTA TES O DEREITO DE

- **Recibir información comprensible, veraz e completa** sobre as características e o prezo dos produtos e servizos que se ofrecen antes de contratalos.
- **Recibir a calidade do servizo**, de acordo co tipo de establecemento e publicidade efectuada.
- **Sentirte seguro tanto no persoal como no material** de acordo coa lexislación vixente.
- **Formular queixas, reclamacións ou denuncias** e obter unha folla de reclamacións.
- **Non sufrir discriminación** no acceso aos establecementos e na prestación de servizos turísticos.



O TEU COMPROMISO MARCA A DIFERENCIA

Grazas por ser parte do cambio cara un
turismo máis xusto, respectuoso e sostible



 amarinalucense.gal

Plan de Sostibilidade Turística na Mariña Lucense



Colabora

